

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O ILUSTRE COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Santiago de Compostela

### REUNIDOS

**Don Román Rodríguez González**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, publicado no DOG núm. 94, do 16 de maio e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022, do 20 de xuño, publicado no DOG núm. 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**Don Francisco José Rabuñal Mosquera**, en representación do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, con CIF número Q-1563003A, en calidade de decano, que asina de conformidade co disposto no artigo 78.2 do Estatuto xeral da avogacía española (Real decreto 135/2021, do 2 de marzo).

### EXPOÑEN

Que ambas as institucións son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia; que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como



lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística correspóndelle, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

Que as partes asinantes deste convenio manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

Que o Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante o Colexio de Avogados) é unha corporación de dereito público con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, que ten asignados, entre outros, como fins esenciais e de acordo co establecido no artigo 4 do seus estatutos, a ordenación do exercicio da profesión, a súa representación exclusiva, a formación profesional permanente dos avogados, a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza e colaborar coa Administración pública no exercicio das súas funcións.

Que esta corporación, consciente da importancia de aplicar a normativa relativa á normalización lingüística, así como da responsabilidade que os colexios profesionais autonómicos teñen á hora de actuar como axentes para promover a lingua galega nos seus respectivos ámbitos profesionais, dende hai anos vén traballando no proceso de normalizar o idioma galego no eido da avogacía na súa área de actuación.

Que neste sentido manifesta a súa vontade de continuar colaborando coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para desenvolver



durante o ano 2023 diversas actuacións destinadas a impulsar e mellorar o uso da lingua galega entre os profesionais colexiados e no funcionamento da propia entidade, coa finalidade de conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior na actividade xurídica no seu ámbito de actuación e nas súas relacións coa cidadanía.

Que, dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán levar a cabo polo Colexio de Avogados de Santiago de Compostela como entidade social e corporativa galega que ten a representación exclusiva para a formación profesional permanente dos avogados e para colaborar coa administración pública no exercicio das súas funcións, polo que non resulta posible promover a concorrència pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Para tal fin, ambas as dúas partes asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

### **Primeira.- Obxecto**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela para conseguir que o idioma galego vaia sendo cada vez máis habitual nas actuacións do colectivo da avogacía galega perante a Administración de xustiza, de xeito que a todo cidadán se lle ofrezca a opción a ser atendido en galego e, se o desexa, que todas e cada unha das partes do proceso se desenvolvan nesta lingua.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a implantar a normalización lingüística no funcionamento do Colexio e no colectivo de profesionais afiliados, e facilitarlles o asesoramento e a información que precisen en materia xurídico- lingüística.



## **Segunda.- Obrigas do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela**

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e do Plan xeral de normalización da lingua galega, mediante a sinatura deste convenio o Colexio de Avogados comprométese a desenvolver en lingua galega as seguintes actuacións:

1. Facilitar asesoramento lingüístico e terminolóxico as `persoas colexiadas e ao persoal laboral do colexio.
2. Fomentar o uso do galego na documentación, comunicación interna e externa, nas campañas, publicidade, material divulgativo do Colexio e dos seus colexiados.
3. Editar en lingua galega a revista colexial Avogacía Compostelá. Incluír unha sección nesta revista dedicada á normalización lingüística " Ao pé da letra" que conterá artigos de divulgación sobre a normalización do galego e/ou contidos de carácter formativo en relación coa linguaxe xurídica.
4. Realización da décimo sexta edición da Xornada " Xustiza e Lingua: reflexións para a normalización", na que intervirán relatores/as de relevancia neste eido. Xornada dirixida á avogacía, maxistratura, xudicatura, fiscalía, procuradoría, alumnado das escolas de práctica xurídica e persoas interesadas en xeral.
5. Editar en galego a Guía Oficial 2023 do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.
6. Desenvolverán as seguintes accións formativas:

A) Curso sobre competencias en lingua galega para o exercicio da avogacía (75 horas) dirixido ao alumnado que está a cursar o Máster Universitario de Avogacía e aos colexiados e aos colexiadas e colexiadas do ICA Santiago (as prazas repartiranse ao 50% entre ambos os ámbitos de destino). De ser o caso, este



curso poderá ser homologado polo Curso medio de linguaxe xurídica galega, se se cumpren os seguintes requisitos:

- O curso deberá axustarse ao establecido na Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os cursos de linguaxe administrativa e xurídica galegas (DOG núm. 121, do 24 de xuño; corrección de erros no DOG núm. 223, do 22 de novembro).
- Con carácter previo ao inicio do curso, deberáselle comunicar á Secretaría Xeral de Política Lingüística a súa programación específica.
- O curso deberá impartirse seguindo o programa docente detallado no anexo III da citada Orde do 13 de xuño de 2011. Terá unha duración de 75 horas e o número de participantes non poderá ser superior a 30.
- Tras o remate do curso, o profesor deberá entregar na Secretaría Xeral de Política Lingüística: a acta final do curso e o caderno de avaliación das tarefas.
- A avaliación basearase no principio de avaliación continua. En calquera caso, de acordo coa Orde do 13 de xuño de 2011, é obrigatorio:
  - A realización de oito tarefas, segundo as características que se determinen na guía didáctica do curso.
  - Todas as prácticas de autoresolución dispostas nos módulos da teoría
  - Unha proba final, que constará dunha parte escrita e dunha parte oral. A Secretaría Xeral de Política Lingüística nomeará unha ou varias persoas, que se encargarán de realizar a proba final.

Unha vez rematado o curso e logo de que o profesor entregue a correspondente acta e o resto da documentación antes referida, o alumnado que adquira a cualificación de apto recibirá o correspondente certificado, que será expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Os correspondentes certificados ou diplomas serán asinados telematicamente.



Os gastos de profesorado, locais, coordinación e calquera outro que implique a organización do curso pagaranse con cargo á cantidade estipulada no convenio.

B) Seminario (10 horas) que tratará contidos específicos da linguaxe xurídica e incidirá na mellora da calidade lingüística dos/as profesionais da avogacía.

Estas actividades contarán coa correspondente homologación oficial da Secretaría Xeral de política lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

7. Actualización e mantemento en galego da páxina Web do Colexio de Avogados de Santiago [www.icasantiago.org](http://www.icasantiago.org) e a App ICA Santiago

8. Manter o servizo de asesoramento lingüístico en liña, que conta coas seguintes áreas: asesoramento, dinamización e formación.

9. Adaptar o cambio de denominación do Colexio, introducido na aprobación do novo Estatuto colexial, renovando a imaxe institucional na papelería, nos medios dixitais e en calquera outro soporte (nova denominación "Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela" e marca "Avogacía Compostelá").

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias imprevistas debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das actividades contempladas nesta estipulación, esta modificación ou cambio se instrumentará mediante a correspondente addenda.

O Colexio encargarse de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como de facilitar o persoal, infraestruturas e medios de que dispón para a súa execución.

### **Terceira.- Asesoramento lingüístico**

A Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, ao Colexio de Avogados o apoio e asesoramento técnico en relación con



aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

#### **Cuarta.- Financiamento**

O orzamento das actividades que se van desenvolver con cargo a este convenio ascende a un total de **24.000,00 €**, importe que será sufragado coas seguintes achegas:

- . A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborará coa cantidade máxima de **19.000,00 €**, con cargo á partida 10.02.151A.640.6 correspondente aos orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para 2023.
- . O Colexio de Avogados achegará a cantidade restante de **5.000,00 €**

Ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

Ambas as dúas partes convenientes, compartirán a titularidade e uso dos estudos, publicacións e demais materiais que se realicen ao abeiro deste convenio.

O uso e a difusión sobre os ditos estudos, publicacións e demais materiais terán carácter gratuito para as partes asinantes do convenio, logo do consentimento da outra parte.

#### **Quinta.- Xustificación e pagamento**

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A

O Colexio de Avogados percibirá a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en dous pagamentos, que se efectuarán da



seguinte maneira:

- O primeiro pago corresponderá ao 50% da achega desta consellería, e abranguerá o período que vai dende o asinamento do convenio ata que se leve executado, aproximadamente, o 50 % das actividades.
- O segundo, relativo ao restante 50% da achega da consellería, realizarase unha vez que se execute a totalidade do convenio. **O Colexio de Avogados, presentará a xustificación coa data límite do 15 de novembro de 2023.**

Para percibir as achegas sinaladas na estipulación anterior, o Colexio de Avogados presentará telematicamente a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta xustificación realizarase mediante as correspondentes facturas.
- Para control das actividades que se prevén no convenio, entregarase un exemplar dos traballos que se publiquen.
- Un informe dos resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua. Este informe presentarao electronicamente o Colexio de Avogados cando xustifique o segundo pagamento.

De non alcanzarse o total do orzamento das actividades, a achega de ambas as dúas partes asinantes deste convenio, verase reducida na mesma proporción.

A entidade procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Antes de proceder a sinatura deste convenio e para o seu pagamento deberá presentar:



- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

A sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

O Colexio de Avogados facilitará toda a información que lle requira a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades así como a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control

### **Sexta.- Utilización da lingua galega**

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerarase causa específica de resolución deste convenio.



### **Sétima.- Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno**

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

### **Oitava.- Difusión da colaboración das partes**

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

### **Novena.-Vixencia**

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2023. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.



### **Décima.- Comisión de Seguimento**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral de Política Lingüística e dous representantes do Colexio de Avogados. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

### **Décimo primeira.- Causas de resolución**

A extinción deste convenio poderá producirse:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se resolver este convenio por incumprimento do Colexio de Avogados, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pode, se é o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas para o seu financiamento.

### **Décimo segunda.- Responsabilidade das actuacións**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos producidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo terceira.- Avaliación de resultados**

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística avaliará a realización das actividades



contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

#### **Décimo cuarta.-Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

#### **Décimo quinta.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectarase cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos



persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **Décimo sexta.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e repectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **Décimo sétima.- Normativa aplicable e xurisdición**

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE 9-11-17) segundo especifica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo



1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Educación,  
Formación Profesional e Universidades

O decano do Ilustre Colexio de  
Avogados de Santiago de Compostela

Román Rodríguez González

Francisco José Rabuñal Mosquera

F

